

Documento	Expediente	Fecha
CMG13I1Y5	CON/19/2019	26-11-19 13:37

Número 24 .- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á aprobación do expediente de "Servizo de arranxo de tres vehículos do servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela", aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.

Destinatario

15078DCMG13I1Y5h



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 25 de novembro de 2019, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 24 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁN RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE "SERVIZO DE ARRANXO DE TRES VEHÍCULOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA", APROBACIÓN DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 11 de outubro de 2019, do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán. Así mesmo, do informe con observacións de Intervención, número 1120 de 22.11.19.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Gonzalo Muñíos Sánchez, concelleiro delegado de mobilidade, seguridade cidadán e festas, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019,

EXPÓN:

1. Con data 29 de abril de 2019, cunha posterior adaptación de 24 de setembro, o oficial-xefe do SEIS emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1311Y5	CON/19/2019	26-11-19 13:37

contratación do servizo de arranxo de tres vehículos do servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela.

2. Con data 6 de maio seguinte, a concellería delegada competente, formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.

3. Coa mesma data, a concelleira delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmente o día, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da Lei 9/2017 polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Ley 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Servizo de arranxo de tres vehículos do servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela**, así como a aprobación do gasto

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG13I1Y5	<i>Expediente</i> CON/19/2019	<i>Fecha</i> 26-11-19 13:37

correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado**, establecéndose un tipo de licitación de **79.420,89 euros IVE** aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 16.678,38 euros.

O gasto correspondente a este contrato imputarase á aplicación orzamentaria **060 13600 21400**, tramitándose como expediente anticipado de gasto, xa que a súa finalización non está prevista ata o vindeiro exercicio, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no orzamento 2020."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o expediente denominado **Servizo de arranxo de tres vehículos do servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado**, establecéndose un tipo de licitación de **79.420,89 euros IVE** aparte.

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a 16.678,38 euros.

O gasto correspondente a este contrato imputarase á aplicación orzamentaria **060 13600 21400**, tramitándose como expediente anticipado de gasto, xa que a súa finalización non está prevista ata o vindeiro exercicio, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no orzamento 2020.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Gumersindo Guinarte Cabada



